

## GAÑADOR na categoría de SECUNDARIA

DANIEL VEIGA FERNÁNDEZ

IES Johan Carballeira (Bueu)

### DREAMS

Era noite de saír. Gañei unha cachimba nunha das discotecas da vila e decidín compartila coas miñas mellores amigas. Eran xa ben pasadas as doce e media da noite cando xa lle pillamos o gusto a iso de fumar na cachimba.

–Vin en Internet un vídeo dunhas mozas que se pasaban o fume unha á outra pola boca –dixo Vane–. Queda moi ben.

–Que guai! Probámolo? –preguntoume Ángeles.

–Veña, e quitamos unha foto –contestei.

Ángeles colleu fume polo tubo que saía da cachimba. Cando tiña as meixelas cheas, acercouseme e abrín a boca para que me puidese pasar o fume.

O fume saíu, pero non cambiou de boca, e o que ía ser unha foto bonita que poñer no Instagram acabou sendo un bico. Deu a unha da mañá. A cachimba xa se acabara e todos iamos para a casa. Dende a miña cama, escribinlle a unha das miñas amigas que non fora á discoteca.

–Tía, biquei a Ángeles –escribín.

–E? –contestoume–. Vas bicando as túas amigas e, como es gay, non nos importa, xa o sabes.

–É distinto, esta vez gustoume, non o entendo –expliqueille–. Non me podo estar a namorar de Ángeles, verdade?

–Cousas máis raras tes feito.

–Vou falar con ela...

Mentres buscaba o chat, pensei nas cousas que podían cambiar e en se de verdade pagaba a pena contarlle o que sentía e arriscarme a que todo cambiase. Bloqueei o móbil e pechei os ollos. Dediquei un minuto a pensar en todo o que vivira con ela. Despois, mirando o móbil aínda coa pantalla apagada, dixeron:

–Quéroa.

Non pasaron máis de dous segundos cando vin acenderse o teléfono. Apareceu na pantalla unha mensaxe dicindo: «Quérote».